



**EOI de VIGO**

**Coordinación do Equipo das  
Tecnoloxías da Información e da  
Comunicación**

**MOODLE**

**Instrucións para modificar o  
deseño dun curso**

---

**Alicia Gil**

**Curso 2019-2020**

## INTRODUCCIÓN


Con estas instrucións, podedes modificar o deseño dun curso de Moodle de forma moi sinxela. Hai dous tipos de modificación que se poden facer nun curso: unha modificación global mediante o botón “Editar a configuración” ou unha modificación dentro dos módulos co botón “Activar edición”, ámbolos dous no bloque “Administración”. Vamos, en primeiro lugar, facer modificacións globais no curso básico creado, e despois iremos aos bloques a facer algunha pequena modificación no curso modelo de metaformadores, que se completará engadindo recursos e actividades, temas a ver posteriormente.

## MODIFICACIÓNS GLOBAIS: EDITAR CONFIGURACIÓN

### PASO 1

Despois de que accedestes ao curso que queredes modificar, como dixemos, clicade o botón “Editar a configuración”, no bloque “Administración” e aparecerá a páxina que vimos cando rematamos de crear o curso e que deixamos na súa maioría cos valores que aparecían por defecto. Agora vamos ver as seccións e os seus valores para modificalos se o consideramos conveniente.

Na primeira sección “Xeral” que aparece nesta páxina, ademais do “Nome completo” do curso e do “Nome curto do curso” que enchéramos obrigatoriamente cando o creamos, temos dous aspectos importantes: “Categoría de cursos”, que é a sección da páxina principal onde creamos o curso, e “Visible”, que serve para ocultar o curso cando xa non o usamos.



Introdución a Moodle: Modelo básico da aplicación

Páxina principal ► Os meus cursos ► Formación do profesorado ► laM MBA ► Editar a configuración

Navegación

Páxina principal

- A miña área persoal
- Páxinas do sitio
- Meu perfil
- Curso actual
  - laM:MBA
    - Participantes
    - Insignias
    - Xeral
    - Tema 1
    - Tema 2
    - Tema 3
    - Tema 4
  - Os meus cursos

Administración

- Administración do curso
  - Activar edición
  - **Editar a configuración**
  - Usuarios
  - Desmatricularme de laM:MBA
  - Filtros
  - Informes
- Configuración

Editar a configuración do curso

Expandir todos

**Xeral**

Nome completo\*

Nome curto do curso\*

Categoría de cursos

Visible

Data de inicio do curso

Número de identificación do curso

**Descripción**

Resumo do curso

Parágrafo


Familia do tipo Tamaño da letra

Aquí tedes o modelo básico que podedes facer directamente sen o modelo do curso para metaformadores.

## PASO 2


Como vimos cando creamos o curso, a segunda sección “Descrición” é optativa e pode deixarse sen encher. Vamos á terceira sección “Formato”, que, como vimos na creación do curso, é importante porque é a que determina a configuración que queremos darlle ao curso.

Aquí podemos engadir temas, ou sexa módulos, ao número que puxemos nun principio de catro a seis. E tamén podemos modificar a visualización colapsada dos módulos ocultos do curso, que vén por defecto, cambiando en “Seccións agachadas” de “As seccións agachadas amósanse nun formulario contraído” a “As seccións agachadas son totalmente invisíbeis”. E deixamos que todas as seccións estean nunha páxina.




## PASO 3

En “Apariencia”, o máis interesante é poder cambiar o idioma ao de estudo do alumnado en “Forzar o idioma”.



## PASO 4

“Ficheiros e envíos” está configurado por defecto ao tamaño máximo de ficheiros que os usuarios poden subir ao curso. Máis interesante é a posibilidade de abrir o curso a persoas que non están matriculadas en “Acceso como convidado”. Se cambiamos “Permitir o acceso a convidados” a “Si”, a aplicación permítenos establecer unha “Contrasinal”, que podemos ver se eliximos “Desenmascarar”.



En “Grupos”, podemos dividir o alumnado en grupos, pero por defecto, vén “Sen grupos”, e en “Renomeado de roles”, podemos cambiar o nome dos roles, por exemplo, de “Profesor”, que é o da aplicación, a “Titor”. Finalmente, non hai que esquecer premer o botón “Gardar modificacións”.

## MODIFICACIÓNS DOS MÓDULOS: ACTIVAR EDICIÓN

Para facer modificacións nos módulos, vamos a usar o modelo de metaformadores porque alí temos a guía dun deseño estándar de curso que propoñen desde o CAFI.


Pero antes de empezar temos que modificar algo na configuración xeral porque non podemos ver algunhas cousas que están no curso, pero en diferentes páxinas. Isto tamén pode servir de práctica para o que vimos ata agora. Vamos a facer os **Pasos 1 e 2** das instrucións anteriores e cando chegamos a “Formato do curso”, vemos que na última etiqueta, en lugar de aparecer “Amosar todas as seccións nunha páxina”, aparece “Amosar unha sección por páxina”. Cambiámolo e prememos o botón “Gardar modificacións” e así vemos todo nunha páxina soa. Ao volver ao curso, vemos que aparecen todos os foros e o cartafol “Zona de descargas” da “Mediateca”. Isto é importante para cando restaurades o curso de metaformadores, se decidides que é un modelo interesante para vós. De

todos xeitos, o que veremos a continuación pode facerse no curso básico tamén.


## COMO ENGADIR UNHA IMAXE

No modelo de metaformadores temos a guía dun deseño de curso en cor verde, e por exemplo, se queremos engadir unha imaxe como nos propoñemos aquí, temos a indicación dos píxeles que recomentan (222px) e da posición (horizontal 55).

Como dixemos ao principio destas instrucións, para facer modificacións dentro dos módulos, vamos clicar en “Activar edición” no bloque “Administración” ou tamén arriba á dereita, como vemos na imaxe.




Ao clicar “Activar edición”, aparecen todas as iconas para editar ou cambiar, e para facer modificacións no título do módulo, temos que clicar a roda dentada da esquerda.




Aparece unha nova páxina, onde podemos cambiar os datos como nun editor de texto normal. E para agregar unha imaxe, temos dúas opcións: eliminar a imaxe e comezar de cero, ou cambiar a imaxe que xa está.

Aquí vamos facer desde cero porque así estas instrucións tamén servirán para o curso básico creado, que non ten ningunha imaxe. Así, temos primeiro que eliminar a imaxe que aparece, clicando co botón dereito do rato sobre ela e cortamos para que desapareza.




Agora colocamos o cursor ao inicio do escrito e clicamos no recadro que representa unha imaxe no editor de texto.







Aparece unha nova xanela e ao clicar en “Find or upload an imaxe”, ábrese o “Selector de ficheiros” que permite acceder ao voso computador, cando se preme “Seleccionar arquivo”.




Abrimos o arquivo na xanela do noso computador e na xanela do “Selector de ficheiros”, prememos “Enviar este ficheiro” e volvemos á primeira xanela, onde xa aparece a imaxe cargada. Alí temos que encher o nome do arquivo, neste caso “Catedral”. Pero antes de subila, temos que ir á lingüeta “Aparencia” para incluír algúns detalles que recomentan na guía de metaformadores.



Na lingüeta “Aparencia”, poñemos “Dereita” en “Aliñamento”; 222 en “Dimensións” e 55 en “Espazo horizontal”.



Xa podemos premer o botón “Inserir” e a imaxe aparece onde estaba a mostra do modelo.



Só nos queda premer “Gardar modificacións” e ver como aparece no curso. Unha cousa que faltaría é modificar o nome do curso fóra deste entorno e podemos facelo en “Editar a configuración” (ao inicio destas instrucións).